

D I T A M E

Ditame
5/10

sobre o anteproxecto de Lei de
**Comercio interior
de Galicia**



APROBADO POLO PLENO O 17 DE SETEMBRO



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

ANTECEDENTES

1.- En data 14 de xullo de 2010 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o anteproxecto de Lei de comercio interior de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e sectores produtivos*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

3.- O día 15 de xullo, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº1 para o 19 de xullo de 2010, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 13/10, de data 16 de setembro de 2010, acorda aprobar a proposta de ditame e remítea ao presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 5/10, do 17 de setembro, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de lei de comercio interior de Galicia

ESTRUTURA E CONTIDO

1. Obxecto da Lei:

O establecemento dun marco xurídico para o desenvolvemento da actividade comercial en Galicia coa finalidade de fomentar, ordenar administrativamente, racionalizar e mellorar a actividade do sector.

O anteproxecto de lei estrutúrase en oito títulos, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e seis disposicións finais.

No **Título I** “*Disposicións xerais*” (artigos 1 ao 19), divídese en 4 Capítulos.

Capítulo I “*Obxecto e ámbito de aplicación*” (artigos 1 ao 3), recolle o obxecto, o ámbito de aplicación, os fins e principios reitores

Capítulo II “*Da actividade comercial*” (artigos 4 ao 8), refírese o concepto e clases, condicións xerais para o exercicio da actividade comercial, as prohibicións e restricións ao exercicio da actividade comercial, a ordenación administrativa e o Rexistro Galego de comercio.

Capítulo III “*Condicións da oferta, dos prezos e garantías*” (artigos 9 ao 13), comprende as condicións da oferta, o prezo dos produtos e servizos, os dereitos de desistimento, vendas a perda, e a garantía e custodia dos artigos.

Capítulo IV “*Observatorio de Comercio*” (artigos 14 ao 19), dedicado a creación e adscrición, funcións, ao Consello Galego de Comercio, as funcións a composición, e a Mesa Local de Comercio.

No **Título II** “*Ordenación comercial*” (artigos 20 ao 32), divídese en 3 Capítulos.

Capítulo I “*Establecementos comerciais*” (artigos 20 ao 23), aborda o concepto xeral de establecemento comercial, clases de establecementos, centros comerciais abertos, e centros de fabricantes ou *outlets*.

Capítulo II “*Ordenación comercial*” (artigos 24 ao 25), refírese a ordenación e equipamentos comerciais, e o uso comercial do solo.

Capítulo III “*Da autorización comercial autonómica*” (artigos 26 ao 32), comprende a apertura de establecementos comerciais, actividades suxeitas a autorización comercial autonómica, superficie útil de exposición e venda ao público, a solicitude da autorización comercial autonómica, o procedemento para a obtención da autorización comercial e a súa valoración, a simplificación administrativa, a integración de procedementos e a vixencia da autorización comercial

No **Título III** “*Horarios comerciais*” (artigo 33), Capítulo Único.

Capítulo Único, Relativo aos horarios comerciais

No **Título IV** “*Actividades de promoción de vendas*” (artigos 34 ao 49), divídese en 7 Capítulos.

Capítulo I “*Normas xerais*” (artigos 34 e 35), concepto e requisitos xerais.

Capítulo II “*Vendas en rebaixas*” (artigos 36 ao 38), concepto, temporada de rebaixas e condicións

Capítulo III “*Vendas de saldo*” (artigos 39 e 40), concepto e condicións.

Capítulo IV “*Vendas de liquidación*” (artigos 41 ao 43), concepto, condicións e duración.

Capítulo V “*Vendas con desconto*” (artigos 44 e 45), concepto e condicións

Capítulo VI “*Vendas con obsequio*” (artigos 46 e 47), concepto e condicións.

Capítulo VII “*Oferta de venda directa*” (artigos 48 e 49), concepto e condicións.

No **Título V** “*Modalidades especiais de venda*” (artigos 50 ao 89), divídese en 8 Capítulos.

Capítulo I “*Xeneralidades*” (artigos 50 e 51), concepto e os requisitos de establecementos comerciais.

Capítulo II “*Vendas a domicilio*” (artigos 52 e 53), concepto e condicións.

Capítulo III “*Vendas a distancia*” (artigos 54 ao 65), recolle o concepto, comunicación, proposta de contratacións, contido das propostas, necesidade de consentimento expreso, prohibición de envíos non solicitados, execución e pagamento, dereito de desistimento, pagamento mediante tarxeta, información, a irrenunciabilidade dos dereitos e os requisitos especiais.

Capítulo IV “*Vendas automáticas*” (art. 66 e 67), concepto e condicións.

Capítulo V “*Venda ambulante ou non sedentaria*” (artigos 68 ao 76), concepto, tipoloxía de venda ambulante ou non sedentaria, condicións, sección de Comerciantes Ambulantes do Rexistro Galego do Comercio, produtos obxecto da venda ambulante, lugares destinados á venda ambulante, réxime de autorización, información ao público e as facultades de inspección e sanción.

Capítulo VI “*Venda en poxa pública*” (artigos 77 ao 83), abarca o concepto, as condicións do contrato de venda en poxa pública, os requisitos da oferta en poxa pública, relación entre as partes intervenientes, documentación, efectos da venda en poxa pública e a autorización.

Capítulo VII “*Venda ocasional*” (artigos 84 e 85), concepto e condicións

Capítulo VIII “*Prácticas especiais de venda*” (artigos 86 e 89), recolle a venda multinivel, concepto, condicións, prohibición das vendas piramidais, e a prohibición da venda a perda.

No **Título VI** “*Da actividade comercial en réxime de franquía*” (artigo 90), Capítulo Único.

Capítulo Único “*Da actividade comercial en réxime de franquía*” (artigo 90), concepto e condicións.

No **Título VII** “*Das actividades feirais*” (artigos 91 e 92), Capítulo Único.

Capítulo Único (artigos 91 e 92), dedicado as actividades feirais e as feiras de oportunidades realizadas por comerciantes.

No **Título VIII** “*Inspección e réxime sancionador*” (artigos 93 ao 115), divídese en 3 Capítulos

Capítulo I “*Inspección*” (artigos 93 ao 99), referido as competencias inspectoras, funcións da inspección de comercio, facultades da inspección de comercio, obrigas das persoas inspeccionadas, actividade inspectora en materia de comercio, persoal da inspección de comercio e a actuación das persoas inspectoras.

Capítulo II “*Infraccións*” (artigos 100 ao 106), abarca concepto e clases, responsabilidade, infraccións leves, graves e moi graves, reincidencia e prescrición das infraccións.

Capítulo III “*Sancións*” (artigos 107 ao 115), recolle a tipoloxía das sancións, a contía das multas, as sancións accesorias, a graduación das sancións, os órganos competentes para a imposición das sancións, o procedemento sancionador, as medidas cautelares, as multas coercitivas e a publicidade e a execución das sancións.

Disposición Transitoria Única,

Disposición Derrogatoria Única.

Seis Disposicións Finais

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- O CES coincide na necesidade de elaborar un novo texto de Lei de comercio interior de Galicia, transcorridos xa máis de vinte anos dende a aprobación da Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia e acorde ás novas necesidades e formatos comerciais.

A oportunidade está enmarcada nos cambios normativos máis recentes tras a Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro, relativa aos servizos no mercado interior da Unión Europea, e porque, nestes momentos, transcorrido o período de adaptación a esta, producíronse importantes novidades na lexislación autonómica e na estatal:

– No ámbito da nosa comunidade autónoma, cabe destacar a Lei 7/2009 de modificación da Lei 10/1988 de ordenación do comercio interior de Galicia.

– E, en canto ao ámbito estatal, cabe subliñar en primeiro lugar a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, a recente Lei 1/2010, do 1 de marzo, de reforma da Lei 7/1996 de ordenación do comercio retalista e por último a Lei 29/2009, de modificación do réxime legal da competencia desleal e publicidade.

2.- Resulta imprescindible que se xustifique e motive suficientemente a norma obxecto de estudo, pois a exposición de motivos non é pormenorizada e detallada na xustificación da súa oportunidade, se ben o CES coincide na necesidade de actualizar a normativa reguladora de comercio na nosa comunidade autónoma como antes se indicou; o CES considera que sería necesaria unha explicación máis completa das finalidades e oportunidades da norma, que facilite a interpretación do articulado e que se fixe claramente o que pretende a nova regulación da actividade comercial en Galicia.

Na opinión do CES, calquera iniciativa lexislativa de contidos estruturais debe ter a súa orixe na dispoñibilidade dunha avaliación da situación do sistema comercial de Galicia, avaliación que debería ser proporcionada como un elemento de xustificación e oportunidade da norma, elemento que ademais debería servir tamén como xustificación dos distintos criterios que establece a proxectada regulación ante a Comisión Europea, debido ás obrigas de notificación que recaen nos Estados membros tras a aprobación da Directiva 2006/123/CE, que establece a necesidade da comprobación do axuste da norma ás condicións esixidas pola propia directiva.

Por este motivo, debe preconizarse unha maior motivación dos aspectos que poden ser máis problemáticos no control da adecuación da norma proxectada coa Directiva 2006/123/CE e cos artigos básicos da Lei 7/1996, modificada pola Lei 1/2010.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

1.- Exposición de motivos

O CES entende que no remate da Exposición de Motivos do anteproxecto, debería facer constar que o mesmo foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

O CES considera que no sétimo parágrafo débese engadir ao final “..., *consumidores e usuarios...*”.

2.- O artigo 1, Obxecto

O CES propón engadir: “...*modernizar*”, despois de “*racionalizar*”.

3.- O artigo 3, Fins e principios reitores

Entre os fins e principios reitores que se enuncian neste artigo, o CES entende que se debería ampliar o precepto contido na **letra g)**, xa que ademais da formación técnica e profesional das persoas traballadoras, debería abrandarse o principio de respecto dos dereitos laborais en xeral e das normas en materia de prevención de riscos laborais en particular.

Por outra parte, na medida en que este artigo só contén un apartado, procedería suprimir a identificación que se fai como apartado 1 no seu inicio.

4.- O artigo 4, Concepto e clases, apartado 1, letra a)

O CES entende que se debe engadir ao final do parágrafo “*sempre e cando se realice en establecemento comercial, agás as excepcións previstas nos capítulos II, III, IV e V do título V e do título VII desta lei*”.

5.- O artigo 5, Condicións xerais para o exercicio da actividade comercial.

O CES considera que se debe substituír no **apartado 1**, “*comerciante, segundo establece...*” por “***comerciante que establece...***”, e no **apartado 4**, eliminar “*das persoas compradoras. Ninguén poderá ser discriminado ou atendido incorrectamente por razón da lingua empregada. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal dos dous idiomas*”.

6.- O artigo 6, Prohibicións e restricións ao exercicio da actividade comercial.

A efectos de evitar a competencia desleal no sector, o CES considera que se debe controlar eficazmente por parte da Administración a aplicación do disposto neste artigo e establecer as consecuencias do seu incumprimento.

7.- O artigo 7, Ordenación administrativa da actividade comercial, **apartado 2**

O CES entende que se debe engadir: “***...incorporando, entre outras, as seguintes medidas: a) establecemento de programas de axuda, b) formación permanente, c) apoio técnico e financeiro, d) impulsar o emprego de calidade, e) I+D+i, f) campañas de promoción...***”

8.- O artigo 8, Rexistro Galego de Comercio

O CES considera que na determinación regulamentaria dos datos requiridos para levar a cabo a inscrición voluntaria polo comerciante no Rexistro Galego de Comercio, deben preverse outros tipos de documentos, aparte dos regulados no **artigo 8.3**, pois estes xa deberían ser aportados polos concellos.

9.- O artigo 9, Condicións da oferta

O CES entende que o segundo inciso deste precepto, sobre existencias nas ofertas, debería aparecer recollido no título IV, relativo ás actividades de pro-

moción de vendas, dado que se refire ás ofertas de vendas promocionais; podería incluírse no **artigo 35** (requisitos xerais das actividades de promoción de vendas).

10.- O artigo 10, O prezo dos produtos e servizos, apartado 7

O CES considera que o artigo 10, apartado 7, debe cambiar a redación pola seguinte:

“A persoa comerciante explicitará por escrito na zona de caixa de forma visible para o consumidor, os medios de pagamento admitidos, así como a posibilidade ou non da devolución do produto, e si tal devolución implica o reembolso do importe ou o outorgamento dun vale sen caducidade ou documento acreditativo da débeda sen caducidade polo importe correspondente.”

11.- O artigo 11, Dereito de desistimento, apartado 3

O CES entende que débese substituír “... a opción do comerciante...” por “...a opción do comerciante anunciada previamente nos termos do apartado 7 do artigo 10 desta Lei.”

Nótese que estámonos a referir á consideración 10 proposta polo CES.

12.- O artigo 12, Vendas a perda

O CES considera que no **apartado 1** débese engadir ao final “*respectando en todo caso a normativa vixente en materia de competencia desleal*”.

13.- Os artigos 14, 15 e 16

O CES coincide na necesidade de remarcar o carácter central do Consello Galego de Comercio na normativa proxectada, por este motivo debe ter unha natureza totalmente diferenciada e independente da do Observatorio do Comercio. Polo tanto, habería que eliminar as mencións que se fan a que o

Consello Galego de Comercio está integrado no Observatorio do Comercio, e así mesmo, deberían regularse como órganos asesores de participación e promoción do sector comercial ámbolos órganos de forma independente, comezando polo Consello Galego do Comercio con carácter central. Por último, é necesaria unha regulación máis pormenorizada da organización e funcionamento do Observatorio do Comercio.

A estes efectos correspondería suprimir a función **5** do Observatorio do Comercio e modificar o **apartado 2 do artigo 16** suprimindo o inciso “*a través do Observatorio do Comercio*” e modificando a adscripción, de modo que esta sexa asignada á Consellería competente en materia de comercio, e non á Dirección Xeral.

14.- O artigo 17, Funcións

O CES entende que se debe modificar a **letra d)** quedando a seguinte redacción:

“d) Calquera outra que, no seu caso, se estableza legalmente”.

15.- O artigo 18, Composición

En cumprimento da Lei 17/2008, do 29 de decembro, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia, o CES considera que debe existir unha representación das organizacións sindicais máis representativas de tres membros, e tamén deberá recollerse o mesmo número de representantes para as organizacións empresariais intersectoriais máis representativas no ámbito de Galicia, conforme co artigo 2 da devandita lei.

Por outra banda, a representación dos consumidores e usuarios resulta claramente insuficiente, dada a natureza deste organismo, así como a representación das universidades galegas, que debería ser dun representante por universidade.

Tamén polo que respecta á composición do Consello Galego de Comercio, o CES considera que deben ser catro en lugar de tres os representantes desig-

nados polas federacións de asociacións de comerciantes máis representativas do sector, tendo en conta a realidade territorial e asociativa da nosa Comunidade Autónoma. A solución podería vir por trasladar a representación dos centros comerciais abertos ás federacións de asociacións de comerciantes máis representativas do sector, dado que a maioría dos comerciantes integrados en ditos centros abertos están asociados ás federacións de comerciantes e, por darse ademáis a circunstancia dunha progresiva e maior incorporación aos centros comerciais abertos de persoas totalmente alleas á actividade comercial.

16.- O artigo 19, Mesa Local de Comercio

Con respecto ao **parágrafo 3º** do artigo 19, establécese que a Mesa Local de Comercio se reunirá como mínimo unha vez ao ano, se ben o CES entende que unha reunión ao ano non resultaría operativa, xa que deberían realizarse reunións con máis asiduidade coa finalidade de manter o contacto entre os distintos colaboradores e lograr unha maior implicación por parte destes na Mesa Local.

É por iso que o CES considera que estas mesas locais deben celebrar, como mínimo, tres reunións ao ano; a estes efectos no desenvolvemento regulamentario da Lei poderían diferenciarse 3 fases, nas cales cada entidade participante será coñecedora do traballo a desenvolver en cada unha delas, e implicándose co fin de lograr un obxectivo final.

As **fases** serían as seguintes:

1.- Formulación dos proxectos para desenvolver: toma de contacto entre todos os implicados na Mesa Local de Comercio, fixación dun obxectivo claro e factible para desenvolver no respectivo concello e que redunde en beneficio do comercio da zona; análise da actual situación do comercio local, posibles medidas a adoptar, repartición de funcións entre os membros da Mesa e concreción de proxecto a levar a cabo.

2.- Posta en marcha e execución dos proxectos formulados: nesta fase, todos os implicados adoptarán as medidas necesarias e levarán a cabo as actuacións tendentes á execución do proxecto formulado co fin de mellorar o comercio da zona, colaborando conxuntamente para tal finalidade.

3.- Resultados obtidos e control: a Mesa Local de Comercio valorará o éxito do proxecto, os aspectos positivos e negativos na súa execución, o cumprimento dos obxectivos fixados, etc.

17.- O artigo 19, Mesa Local de Comercio

O CES entende que ao configurarse como órganos colexiados de participación, debería previr a presenza das organizacións sindicais e empresarial intersectorial máis representativas, en coherencia co que preceptúa a Lei 17/2008 antes aludida, así como a representación das asociacións de consumidores e usuarios existentes no respectivo municipio.

Por outra parte, na composición da Mesa Local debería ampliarse a participación nesta a representantes dos diferentes formatos comerciais e non só limitarse a representantes do ámbito local

18.- O artigo 23, Centros de fabricantes ou *outlets*

O CES considera que na regulación deste tipo de venda, bótase en falta a obriga de facer publicidade, no interior do establecemento, de qué tipo de artigos estanse a saldar: deteriorados, defectuosos, en desuso ou obsoletos, para que os consumidores e usuarios poidan identificalos doadamente, dispoñendo de toda a información necesaria no momento de efectuar a compra.

19.- O artigo 25, Uso comercial do solo

O CES considera que é necesaria unha maior xustificación e precisión, tendo en conta as condicións reguladas na normativa comunitaria e estatal, dos conceptos empregados neste artigo, concretamente estémonos a referir a conceptos como o de “*oferta comercial suficiente*” (25.1) ou “*densidade comercial*” (25.2), tendo en conta as prohibicións de requisitos de natureza económica no que toca ás autorizacións comerciais.

20.- O artigo 28, Superficie útil de exposición e venda ao público, apartado 2

O CES considera que na **letra d)** debería eliminarse: “...sempre que nesta se desenvolva algunha técnica de promoción comercial, directa ou indirecta”.

E engadir dúas letras:

e) “Nos establecementos comerciais que dispoñan de seccións de venda asistida por dependente, a zona ocupada polas persoas vendedoras detrás do mostrador, aínda que esta non teña acceso ao público”.

f) “As superficies destinadas á preparación ou á reparación de mercadorías visibles polo público, aínda que non sexan accesibles”.

21.- O artigo 30, Procedemento para a obtención da autorización comercial e a súa valoración, apartado 2

O CES considera que se deben incorporar nos criterios de concesión da autorización, elementos como os seguintes:

- a avaliación do impacto laboral da creación ou destrución de emprego na localidade.
- a adopción de medidas ou compromisos para a estabilidade no emprego.
- o número de empregados/as segundo unidade de superficie comercial, como indicadores de mellora da calidade do servizo.
- o deseño da instalación e construción tendo en contra os seguintes parámetros: plan de sostenibilidade enerxética, xestión de residuos, recuperación e reciclaxe, xestión de augas, modelos de envasado e embalaxe sostibles e informe de impacto ambiental e paisaxístico.
- informe de adecuación aos plans de desenvolvemento urbano e de ordenación territorial que avalíe o impacto na mobilidade e accesibilidade.

O CES entende que o cumprimento do precepto e), do **apartado 2**, debe interpretarse e avaliarse con flexibilidade, tendo en conta a realidade de que a persoa interesada en obter a autorización non ten capacidade para decidir autonomamente na materia, por ser esta unha competencia directa das administracións, locais e/ou autonómica.

22.- O artigo 33, Dos horarios comerciais

O CES considera que unha vez decidida a elaboración dunha Lei de Comercio Interior de Galicia, esta debe ter un carácter integral e, por tanto, debería incorporarse á mesma todo o referente aos horarios comerciais.

23.- O artigo 34, Concepto, apartado 4

O CES entende que debería quedar redactado do seguinte xeito:

“A utilización das denominacións antes sinaladas que non se axusten á regulación respectivamente establecida para cada unha das actividades de promoción de vendas nesta lei, que poderá reputarse desleal polos xuíces e tribunais, cando concorran as circunstancias previstas na normativa reguladora da competencia desleal”.

24.- O artigo 35, Requisitos xerais, letra g)

Coincidindo na finalidade perseguida por este artigo, o CES considera que debería valorarse a modificación do precepto no senso de establecer un medio máis eficiente que a simple comunicación prevista neste, medio que entendemos podería consistir na realización de campañas específicas de inspección no mes que preceda á data de inicio da venda en rebaixas.

25.- O artigo 39, Concepto

No **artigo 39.1**, o CES propón eliminar a frase: “*sen que o produto teña esta consideración polo feito de ser un excedente de produción ou de tempada*”.

26- O artigo 40, Condicións, apartado 2

O CES entende que a redacción do artigo 40, apartado 2 debe ser:

“A venda de saldos deberá publicitarse mediante un cartel claramente visible sinalando, cando menos, as circunstancias e causas concretas que a motivan; en particular deberá facerse constar, de maneira precisa e ostensible, cando se tratase de artigos deteriorados ou defectuosos, co fin de seren doadamente identificables polas persoas consumidoras. Os devanditos artigos deberán estar claramente separados daqueles que non sexan obxecto desta modalidade de venda”.

27.- O artigo 45, Condicións

O CES considera que a **letra b)** deste artigo debe quedar redactada do seguinte xeito:

“Agás no suposto dun comercio remodelado, non poderá ser obxecto deste tipo de promoción, máis do corenta por cento dos produtos, entendidos como tipos de produtos comerciais, existentes no establecemento”.

O CES entende que non se debería referir a unidades individuais de produtos.

Respecto do último parágrafo da **letra c)**, suporía unha restrición á actividade de promoción normal e habitual dos supermercados, onde é práctica habitual e xeralmente aceptada, que nos folletos e actividades de promoción se repita o mesmo artigo en varios folletos durante un mesmo ano, polo que o CES considera que os supermercados deberían quedar excepciónados da aplicación deste precepto.

28.- O artigo 46, Concepto, apartado 3

O CES entende que debería quedar redactado do seguinte xeito:

“As vendas con obsequio ou prima poderán reputarse desleais polos xuíces e tribunais, cando concorran as circunstancias previstas na normativa reguladora da competencia desleal”.

29.- O artigo 57, Contido das propostas

O CES lembra que se utilizan nas clasificacións destes artigos as **letras j) e k)** que son impropias do alfabeto galego, polo que deberían ser substituídas polas seguintes que corresponden segundo o noso alfabeto.

30.- O artigo 61, Dereito de desistimento

O CES entende que se deberían manter pola súa transcendencia, dous supostos considerados no anteproxecto de Lei de ordenación do comercio interior de Galicia, que foi obxecto do ditame 11/08, aprobado o 12 de decembro de 2008.

Os supostos, nos cales solicitamos que se exceptúe a aplicación do dereito de desestimento obrigatorio, son, a maiores dos xa tidos en conta, os seguintes:

- contratos realizados con intervención de fedatario público;
- vendas de artigos que poidan ser reproducidos ou copiados con carácter inmediato, que se destinen á hixiene corporal ou que, atendendo á súa propia natureza, non poidan ser devoltos.

31.- O artigo 68, Concepto

O CES, con respecto á regulación actual da venda ambulante, propón que entre os requisitos esixibles para obter a licenza preceptiva, se inclúa o de dispoñer de seguro de responsabilidade civil, por entender tal esixencia imprescindible.

32.- O artigo 90, Concepto e condicións, apartado 2

O acceso ao Rexistro debe ser igual para todas as persoas físicas ou xurídicas que desenvolvan a súa actividade comercial en réxime de franquía dentro do territorio galego, independentemente de onde teña o seu domicilio social, delegación ou representación a franqueadora, xa que o CES considera que este é o único xeito de ter información veraz e puntual da actividade que

en cada momento *se desenvolva en réxime de franquía no territorio de Galicia*, independentemente de onde estean as sedes sociais, delegacións, representacións, etc. de cada entidade.

O CES entende que se debe eliminar a última frase: “*sempre que teñan o seu domicilio social ou unha delegación ou representación en Galicia.*”

33.- O artigo 92, Feiras de oportunidades realizadas por comerciantes

Tendo en conta a necesidade de xustificación e motivación deste precepto, así como a súa adecuación á directiva de servizos, o CES entende que debería primarse aos comerciantes con establecemento no concello ou comarca.

34.- O artigo 100, Concepto e clases, apartado 1

Os procedementos sancionadores pódense iniciar previa reclamación ou denuncia, pero tamén de oficio. O CES considera que a redacción da última frase deste apartado debería eliminarse, ao regularse no **artigo 112, apartado 2**.

35.- O artigo 103, Infraccións graves, letras h) e i)

O CES entende que ademáis da tipificación destas infraccións, engádense criterios de regulación material das condutas tipificadas que deben corresponder á lexislación mercantil.

O CES lembra que se utilizan nas clasificacións destes artigos as **letras j) e k)** que son impropias do alfabeto galego, polo que deberían ser substituídas polas seguintes que corresponden segundo o noso alfabeto.

36.- O artigo 108, Contía das multas

O CES considera que se deberían modificar as cantidades polas seguintes:

Letra a). 60.000 euros

Letra b). 60.001 até 300.000 euros

Letra c) 300.001 até 1.000.000 euros.

37.- O artigo 112, Procedemento sancionador

Establece este artigo a duración do procedemento sancionador nun ano. O CES entende que este prazo é excesivo, tendo en conta que a regra xeral son seis meses en coherencia co artigo 20 do Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora (RD 1398/93).

O CES propón que o prazo máximo para resolver este procedemento sancionador sexa de seis meses.

38.- O artigo 114, Multas coercitivas

O CES considera que a regulación das multas coercitivas é incompleta. Confúndense coas sancións administrativas, cando, segundo a Lei 30/1992, é un medio de execución.

39.- Proposta dunha disposición adicional

O CES considera que sería conveniente establecer, a través dunha disposición adicional, a creación dun sistema de arbitraje entre empresas e de natureza voluntaria na adhesión. A súa finalidade sería resolver dun modo rápido, áxil e gratuíto os posibles conflitos que se produzan entre as empresas distribuidoras entre si, ou entre estas e as empresas provedoras ou as empresas subministradoras de servizos.

Esta proposta tería un funcionamento similar á arbitraje de consumo, cuxos destinatarios serían as empresas, non os consumidores.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2010

Vº e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Juan Carlos Veiga Hermida

VOTO PARTICULAR

Voto particular que presenta a **Confederación de Empresarios de Galicia**

Os conselleiros do Grupo Segundo, integrado polos representantes da Confederación de Empresarios de Galicia, discrepan en parte do contido do Ditame aprobado pola Comisión Sectorial n.º 1 do Consello Económico e Social de Galicia ao Anteproxecto de lei de comercio interior de Galicia, por entender que existen algunhas observacións que na súa opinión deberon ser tidas en conta no texto do ditame e porque existen neste algunhas consideracións coas que os representantes do Grupo Segundo non poden manifestar o seu acordo, aínda que haxa que recoñecer os esforzos de todas as organizacións representadas na Comisión Sectorial nº 1 do CES para chegar a un texto aprobado polo maior consenso posible.

Os integrantes do Grupo Segundo queren manifestar que as discrepancias se refiren exclusivamente ás consideracións que deseguido se expoñen estando de acordo co resto das consideracións do ditame.

Artigo 9. - Condicións da oferta. -

No número 2 deste artigo, establécese que: *“para o caso de que non se indique expresamente, de forma visible, para o comprador, o número exacto de existencias que abranga a oferta, os comerciantes estarán obrigados a ofrecer uns produtos de iguais ou superiores características...”*.

Esta redacción pola que se pretende concretar o número de existencias que abrangue unha oferta, é na práctica moi dificultosa ou case de imposible realización no sector comercial onde a concreción exacta do número de produtos, dentro da multitude de referencias e puntos de venda existentes, é moi complexa.

Por estes motivos, o Grupo Segundo entende que se debera incluír no texto

do ditame a proposta da seguinte redacción alternativa: “Para o caso de que nun establecemento aberto ao público non se dispoña de existencias para cubrir a demanda, atenderase á prioridade temporal das solicitudes, e deberase proceder, en todo caso, a poñer en coñecemento das persoas consumidoras o esgotamento das existencias...”.

Artigo 18.3.- Comisión consultiva.

Debe considerarse na composición da Comisión Consultiva regulada neste artigo, a inclusión da organización empresarial máis representativa de Galicia no ámbito territorial e intersectorial da nosa comunidade autónoma, isto é, a Confederación de Empresarios de Galicia, polos seguintes motivos:

– En primeiro lugar, porque a non inclusión supón unha vulneración da Lei de participación institucional (Lei 17/2008), que si establece a necesidade de integrar nos entes e organismos do sector público autonómico a representación das organizacións empresariais máis representativas no ámbito territorial e intersectorial, sendo o criterio de maior representatividade o recollido no Estatuto dos traballadores.

– En segundo lugar, porque si se integra unha persoa representante designada polo Consello Galego de Consumidores e Usuarios, pero pola contra non existe representación da parte empresarial o que sería esixible por un adecuado equilibrio e composición de intereses cos dos consumidores e usuarios.

– En terceiro lugar, porque o concepto que expresa a Directiva 2006/123 sobre a interdicción de "competidores" de forma directa ou indirecta na resolución dos informes de autorización do establecemento, non pode aplicarse á CEG, pois esta non se pode entender un competidor, xa que representa intereses superiores aos propios do sector comercial, tendo en conta en que a ordenación comercial ten un impacto xeral na nosa economía (na ordenación territorial, nos servizos relacionados con ocio e o turismo, etc.).

Neste sentido, cabe mencionar que a Confederación de Empresarios de Galicia non pode ser considerada como "competidora" na interpretación literal da directiva, pois se trata neste caso dunha organización que non defende concretos intereses comerciais, senón que en todo caso defende intereses xerais como o de liberdade de empresa.

Por estes motivos, solicitamos a inclusión da representación e participación da CEG na Comisión Consultiva.

Artigo 28.- Superficie útil de exposición e venda ao público, punto 2.

No texto do ditame, sinálase en primeiro lugar que, con respecto ao apartado d) debería eliminarse: “...*sempre que nesta se desenvolva algunha técnica de promoción comercial, directa ou indirecta*”.

Con respecto a esta proposta, os representantes do Grupo Segundo manifestan o seu desacordo ao entender que na superficie útil de exposición e venda debера computar a liña de caixas rexistradoras, así como a zona entre estas e a saída só nos casos de que nestes espazos se desenvolva algunha técnica de promoción comercial pois no caso contrario non existiría actividade de venda e de intercambio comercial que habilite o seu cómputo como superficie útil de exposición e venda ao público.

Cabe recordar, que xa no ditame do CES 11/08, aprobado polo pleno o 12 de decembro, a Confederación de Empresarios de Galicia manifestou se só no senso de entender que “...*se debería esclarecer aínda máis o que se entende por liña de caixas e actividade de promoción comercial. Así é coñecida a disposición nas referidas zonas de carros e cestas que lles facilitan aos clientes a súa compra, podéndose chegar a interpretar que a simple disposición destes carros puidese ser tida en conta como actividade comercial.*”

Así mesmo, as escaleiras e corredores sitos fora da sala de exposición e venda non deberían computar xa que neles non se realiza actividade de exposición e venda, ao igual que ocorre con outros espazos excluídos”.

En segundo lugar, no texto do ditame proponse engadir dous novos apartados:

e) “Nos establecementos comerciais que dispoñan de seccións de venda asistida por dependente, a zona ocupada polas persoas vendedoras detrás do mostrador, aínda que esta non teña acceso ó público”.

f) “As superficies destinadas á preparación ou á reparación de mercadorías visibles polo público aínda, que non sexan accesibles”.

Tampouco nestes dous supostos, os representantes do grupo segundo están de acordo coa súa incorporación polos seguintes motivos:

No caso da **letra e)** trátase de zonas onde se realizan funcións de carácter informativo e asistencial ao consumidor; nestas zonas non está exposta a mercadoría nin os artigos á venda como sucede no caso de estantes ou expositores.

E no caso da **letra f)** nas superficies a que esta letra se refire non concorren os dous aspectos que condicionan a superficie útil de venda e exposición ao público: que se expoñan produtos e que estes sexan para a venda, carece de sentido cualificar deste modo as áreas destinadas a reparación e preparación, que por circunstancias conxunturais ou de imaxe estean visibles ao público.

Artigo 30.- Procedemento para a obtención da autorización comercial e a súa valoración.

Con respecto a esta consideración particular o Grupo Segundo manifesta o seu desacordo co texto desta, a excepción do seu derradeiro parágrafo referido á **letra e)** do **punto 2** do devandito artigo.

No texto do ditame propónse a incorporación de novos criterios de concesión de autorización, en concreto:

- a avaliación do impacto laboral da creación ou destrución do emprego na localidade;
- a adopción de medidas ou compromisos para a estabilidade no emprego;
- o número de empregados/as segundo unidade de superficie comercial, como indicadores de mellora da calidade do servizo.
- o deseño da instalación e construción tendo en contra os seguintes parámetros: plan de sustentabilidade enerxética, xestión de residuos, recuperación e reciclaxe, xestión de augas, modelos de envasado e embalaxe sustentables e informe de impacto ambiental e paisaxístico.
- informe de adecuación aos plans de desenvolvemento urbano e de ordenación territorial que avalíe o impacto na mobilidade e accesibilidade.

Debe chamarse a atención sobre o feito de que o Tribunal de Xustiza das

Comunidades Europeas (TXCE) precisou que o réxime de autorización non pode lexitimar un comportamento discrecional das autoridades nacionais que prive de eficacia ás disposicións comunitarias. Iso implica a necesidade de que o réxime deseñado se basee en criterios obxectivos, non discriminatorios e coñecidos de antemán polas empresas, de forma que queden establecidos os límites do exercicio da facultade de apreciación polas autoridades competentes, co obxectivo da interdicción da arbitrariedade.

Ademais, hai que ter en conta que os criterios que permiten limitar a liberdade de establecemento deben cumprir tres condicións acumulativas (artigo 9 da Directiva de servizos):

- Non discriminación.

- Xustificación por unha razón imperiosa de interese xeral, como as razóns establecidas na xurisprudencia do TXCE como a saúde pública, a protección do contorno urbano, a protección dos consumidores e do medio ambiente, e mesmo a sanidade animal.

- Proporcionalidade.

Debe sinalarse que a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio establece (artigo 10) que en ningún caso se supeditarán o acceso a unha actividade de servizos ou o seu exercicio a requisitos de natureza económica que supediten a concesión da autorización á proba da existencia dunha necesidade económica ou dunha demanda no mercado ou a que se avalíen os efectos económicos posibles ou reais da actividade, mención que impediría establecer como criterio o primeiro dos propostos “a avaliación do impacto laboral da creación ou destrución do emprego na localidade”.

Ademais, a devandita Lei 17/2009 prohibe supeditar o exercicio da actividade a “requisitos relativos á composición do cadro de persoal, tales como ter un número determinado de empregados, xa sexa no total do cadro de persoal ou en categorías concretas ou a obriga de contratar cunha procedencia ou modalidade determinada”, pois ben esta regulación eliminaría a posibilidade de establecer como criterio o segundo dos propostos (número de empregados).

Por outra parte, non estarían xustificadas os principios de proporcionalidade, non discriminación e razón imperiosa de interese xeral de acordo coa Directiva 2006/123/CE.

Con respecto ao deseño da instalación e construción tendo en conta os parámetros que se sinalan na consideración particular (plan de sustentabilidade enerxética, xestión de residuos, recuperación e reciclaxe, xestión de augas, modelos de envasado e embalaxe sostibles e informe de impacto ambiental e paisaxístico) debe sinalarse que a adecuación do proxecto á normativa medioambiental figura xa no artigo 30.2 f). O Grupo Segundo entende que é bastante a esixencia de declaración de impacto ambiental.

Por último, en canto ao “informe de adecuación aos plans de desenvolvemento urbano e de ordenación territorial que avalíe o impacto na mobilidade e accesibilidade” entendemos que está xa recollido no texto do anteproxecto, concretamente nas **letras a, b, e c do artigo 30.2**.

Artigo 47. - Vendas con obsequio.- Condicións.

Segundo o **apartado b)** deste artigo, *“O número de existencias coa que debe contar a persoa comerciante para afrontar a entrega dos obsequios, así como as bases polas que se rexerán os concursos, sorteos ou similares deberán constar no envase ou envoltorio do artigo de que se trate, ou non seu defecto, estar debidamente acreditadas perante notario, e será obrigatoria a difusión das persoas gañadoras dos premios vinculados á oferta”*.

No apartado c), establécese que na comunicación obrigatoria a calquera persoa de que foi agraciada cun premio, deberase sinalar clara e expresamente que non se atopa condicionada á adquisición de ningún produto ou servizo. A comunicación desta circunstancia impedirá que a persoa comerciante poida esixir a adquisición dun produto ou servizo como condición para a entrega do premio.

A nova regulación deste artigo implica unha restrición na xestión da promoción respecto á anterior lei, xa que imporía ou ben aos fabricantes cambiar os envoltorios nas súas cadeas de produción cada vez que acordasen unha promoción con obsequio, o cal é evidentemente innegociable, xa que o que asume o obsequio é o comerciante, non o fabricante dun determinado produ-

to, ou ben obrigaría aos distribuidores a negociar co fabricante a contratación de servizos notariais para a determinación dos artigos con obsequio.

Artigo 108. Contía das multas.

O Grupo Segundo manifesta o seu absoluto rexeitamento coa consideración particular a este precepto reflectida no texto do ditame. Preténdese incrementar a contía das sancións moi substancialmente con respecto das establecidas no texto do anteproxecto, así elévanse as infraccións leves de 1500 a 60000 €, as infraccións graves do tramo de 1501 - 30.000 € a 60.001-300.000 €, e as moi graves de 30.001 - 600.000 € a 300.001- 1.000.000€.

Esta proposta de incremento reflicte unha falta de xustificación e de motivación. Así, unha simple inobservancia sen repercusión económica e sen prexuízo para os consumidores podería levar ao peche ao establecemento comercial de aceptarse o incremento proposto. En opinión do Grupo Segundo, as contías establecidas no texto do anteproxecto xa son suficientes, tendo en conta ademais a conxuntura pola que están a atravesar as empresas do sector comercial.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2010